

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES REALIZADAS NO EXERCICIO 2021.

O Concello de Monforte de Lemos pretende apoiar e incentivar as actividades desenvolvidas por Entidades e Asociacións asociacións culturais, lúdicas, recreativas ou formativas sen ánimo de lucro no Municipio de Monforte de Lemos que se atopen inscritas no rexistro de asociacións, para as actividades a desenvolver no exercicio 2021.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de concorrncia competitiva para realizar programas, proxectos ou actividades culturais, lúdicas, recreativas ou formativas de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

En concreto a finalidade das axudas será contribuír ao financiamento de programas, proxectos ou actividades culturais, lúdicas, recreativas ou formativas levadas a cabo por Entidades e Asociacións sen ánimo de lucro no Concello de Monforte de Lemos no exercicio 2021.

Non serán subvencionables os gastos de reforma e acondicionamento de locais, vestiario, actividades con ánimo de lucro ou calquera outro gasto non relacionado co proxecto presentado. Así mesmo quedan excluídas desta convocatoria as axudas a festas patronais, comidas e eventos relixiosos.

2.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións legalmente constituídas que desenvolvan actividades de interese xeral para o municipio, xa sexan de carácter cultural, veciñal, popular, profesional, lúdico ou recreativo, que tendo domicilio social, sede ou representación no Concello de Monforte de Lemos cumpran, ademais dos sinalados no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os seguintes requisitos:

- a) Carecer de ánimo de lucro.
- b) Estar debidamente inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Monforte de Lemos no momento de presentar a solicitude.
- c) Non ser debedor co Concello por calquera tipo de débeda de dereito público (será comprobado de oficio pola administración).
- d) Non ser debedor coa facenda estatal ou autonómica e estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.
- e) Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario de subvención públicas
- f) Ter xustificado debidamente as subvencións municipais recibidas con anterioridade nos termos que se fixasen nas correspondentes convocatorias.

Quedan excluídas as asociacións e Entidades Deportivas e aquelas que realicen actividades de carácter social.

3.- CONTÍA E LÍMITES DAS SUBVENCIÓNS.

O importe de cada subvención non poderá superar os 1.000 euros, nin o 70% do investimento subvencionable por cada anualidade. As axudas reguladas nas presentes bases terán carácter único e non acumulativo de forma que non poderá acumularse as subvencións fixadas para cada anualidade, se o gasto xustificado resultase menor.

En ningún caso, illadamente ou en concorrncia con outras Administracións públicas ou entes públicos ou privados, poderá superar o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

4.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 12.000,00 euros que se imputará á aplicación 334.480.00 do Orzamento municipal do ano 2021.

5.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

Os interesados deberán presentar solicitude de acordo cos modelos normalizados.

A solicitude deberá conter a seguinte documentación:

1. Solicitude segundo **Anexo I** das presentes bases.
2. Fotocopia compulsada do NIF en vigor da persoa física que actúen en representación a presentar co **Anexo II**.
3. Memoria explicativa detallada do programa de actividades que se pretenden realizar durante o 2021 con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos, de acordo co baremo que figura no artigo 7 destas bases. **Anexo III**
4. Orzamento de ingresos e gastos da actividade con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados. **e Anexo IV**
5. Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria. **Anexo V**.
6. Declaración responsable da entidade solicitante no que conste as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados. **Anexo VI**.
7. Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e de non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin á Seguridade Social. **Anexo VII**.

O Concello comprobará de oficio a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións e a non existencia de débedas coa Facenda Municipal.

Tratándose de actividades xa realizadas, aquela entidades que conten coa documentación xustificativa das mesmas poderán presentala conxuntamente coa solicitude de subvención nos termos recollidos no punto 15 destas bases.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

A instancia coa restante documentación solicitando a subvención, presentárase no Rexistro Xeral do Concello, Campo de San Antonio s/n, CP 27400, Monforte de Lemos, Lugo ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de aprobación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Se as solicitudes presentadas non reúnen os requisitos sinalados, requiriráselles aos interesados para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen as anomalías advertidas, de non facelo terásele por desistido da súa solicitude.

7.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN E A SÚA PONDERACIÓN.

A subvención ten carácter voluntario e polo tanto non existe obriga de conceder as axudas a todas as solicitudes que se presenten e cumpran as bases desta convocatoria.

a) Os criterios de valoración para determinar a subvención e fixación da súa contía, serán os seguintes:

TIPO DE ACTIVIDADE	7 puntos máximo.
NÚMERO DE SOCIOS DA ENTIDADE	5 puntos máximo.
REPERCUSIÓN SOCIAL	4 puntos máximo

TIPO DE ACTIVIDADE	7 puntos máximo	
Exposicións, certames, exhibicións, concursos e conferencias	7 puntos fixos	
Saídas e excursións	7 puntos fixos	
Obradoiros e formación	Periodicidade	
	0-20 horas	5 puntos
	21-50 horas	6 puntos
	Máis 50 horas	7 puntos
Actuacións, teatro, danza, concertos	7 puntos fixos	
Gastos de Xestión, Funcionamento, (Teléfono, papelería, internet, material funxible) relacionados coa actividade.	4 puntos fixos	
Actividades de difusión e comunicación da cultura, patrimonio,	7 puntos fixos	



tradición	
NÚMERO DE SOCIOS DA ENTIDADE	5 puntos máximo
Ata 25 socios	1 punto máximo
De 26 a 50 socios	2 punto máximo
De 51 a 100 socios	3 punto máximo
De 101 a 500 socios	4 punto máximo
Máis de 500 socios	5 punto máximo
REPERCUSIÓN SOCIAL	4 puntos máximo
Actividades para todo o público	4 puntos máximo
Actividades con prazas limitadas	2 punto máximo
Actividades só para socios	1 punto máximo

b) O cálculo da subvención basearase no valor punto que será o resultado de dividir o importe total do proxecto subvencionable do correspondente exercicio (custe do proxecto menos os ingresos previstos) entre a puntuación máxima que se pode obter (16 puntos).

No caso de que exista remanente poderase incrementar o importe das subvencións, sen superar o importe máximo subvencionable, de forma proporcional ata esgotar a aplicación orzamentaria correspondente.

No caso de que o importe resultante da asignación de puntuación resulte superior do establecido como máximo no orzamento municipal para 2021 o importe das subvencións reducirase proporcionalmente.

8.- INSTRUCCIÓN.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelles aos servizos administrativos da Concellaría de Cultura, que realizarán, de oficio, cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución de acordo co informe de valoración emitido pola Comisión de Valoración.

9.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Estará formada pola Concelleira de Cultura, o Técnico de Cultura e un representante da Intervención que actuará como secretaria con voz e con voto. A comisión terá como función a emisión dun informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

10.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento.

A resolución será motivada e conterá, ademais, do solicitante ou relación de solicitantes aos que se lles concede a subvención a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de un mes a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

Transcorrido o referido prazo sen que os interesados obteñan resposta expresa á súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

O vencemento do prazo sen ter notificada a resolución, lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvencións.

11.-ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención e facilitará canta información lle sexa requirida.

12.- RECURSOS.

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, se o acto foi expreso ou de tres meses se o acto é presunto, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

13.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

As xerais recollidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello e na Lei Xeral de Subvencións (artigos 10 e 14 respectivamente).

14.-FORMA E PRAZO DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación do certificado bancario con número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados no punto 15 destas bases.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

15.- XUSTIFICACIÓN.

Ata o día 10 de decembro de 2021 incluído

Documentación a presentar para a xustificación: A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:

- a) Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas ou a financiar coa subvención e o seu custo no exercicio **Anexo VIII**.
- b) Xustificación do gasto subvencionado que deberá realizarse mediante a presentación de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das mesmas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa acompañadas do **Anexo IX**. As facturas deberán estar seladas e firmadas constando o recibo de pagamento. En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario.
En todo caso, deberá acreditarse debidamente o pagamento das facturas e demais documentos presentados como xustificación dos gastos subvencionados.
- c) Declaración xurada do beneficiario que acredite a realización da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada (**Anexo IX**).
- d) Relación desagregada de cada un dos gastos realizados e ingresos percibidos con motivo da actividade subvencionada (**Anexo IX**).
- e) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas. (**Anexo IX**).
- f) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

16.- REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a concesión ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- e) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.
- f) A adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

17.- NORMAS XERAIS DAS FACTURAS.

1.- Todas as facturas que se presenten deberán conter os datos que esixe o Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturar, que son os seguintes:

- a. Número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura.
- b. Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal, e domicilio de quen a expide e do destinatario.
- c. Descrición e data de realización da operación e a súa contraprestación total. Desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable (non se admitirán facturas co IVE incluído)



d. Lugar e data de emisión.

2.- Nos pagos realizados a profesionais por servizos prestados (charlas, conferencias, colaboracións, etc.) deberá constar ademais na factura emitida ao efecto, a retención realizada en concepto de IRPF que deberá ser ingresada en Facenda.

3.- As facturas deberán estar datadas no ano no que se concedeu a subvención.

4.- Si se está exento de IVE, engadir na factura: EXENTO DE IVE EN VIRTUDE DO ARTIGO QUE CORRESPONDA SEGUNDO OS SUPOSTOS DA LEI 37/1992, DE 28 DE DECEMBRO, DO IVE.

18.- DISPOSICIÓN ADICIONAL:

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, e de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro de, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.



SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES REALIZADAS NO EXERCICIO 2021

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

DATOS DA ASOCIACIÓN

Nome	
CIF	
Enderezo	
Teléfono	

DATOS DO REPRESENTANTE

Nome e Apelidos	
DNI	
Enderezo	
Teléfono	

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Acreditación da representación acompañada da fotocopia compulsada NIF do representante (Anexo II).
- Memoria explicativa detallada do programa de actividades realizadas ou a realizar no 2021 (Anexo III).
- Orzamento de ingresos e gastos da actividade con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados. (Anexo IV)
- Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria (Anexo V).
- Declaración responsable da entidade solicitante no que conste as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados (VI).
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario e de non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin á Seguridade Social (Anexo VII).

A presentación desta solicitude implica, aos efectos previstos na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, o consentimento do interesado para a inclusión dos seus datos no ficheiro correspondente do Concello de Monforte de Lemos, sendo tratados de forma totalmente confidencial e soamente poderán se tratados para o estricto cumprimento das finalidades derivadas da solicitude. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento nos termos previstos na lexislación vixente, ante responsable do ficheiro, o Excmo. Concello de Monforte de Lemos.

_____, ____ de _____ de 20__

Asinado: _____



SUBVENCIONS A ASOCIACIONS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONS PARA ACTIVIDADES REALIZADAS NO
EXERCICIO 2021

ANEXO II

ACREDITACION DA REPRESENTACION

D./D^a _____ Secretario da Entidade

CERTIFICO:

Que na sesion da (Xunta de Socios, Asemblea, etc.) _____ celebrada o dia ____ de _____ de _____ acordouse nomear a D./D^a _____ como _____ cargo que lle atribue a representacion legal da Entidade con poderes suficientes para actuar por nome da mesma.

Que o numero de socios da Entidade a data da presente certificacion e de: _____

_____, ____ de _____ de 20__

Asinado: _____



SUBVENCIONS A ASOCIACIONS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONS PARA ACTIVIDADES REALIZADAS NO EXERCICIO 2021

ANEXO III

MEMORIA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES REALIZADAS OU A REALIZAR NO 2021

DESCRIPCION: DENOMINACION, CALENDARIO DE EXECUCION, LUGARES DE CELEBRACION, OBTXECTIVOS....

NUMERO DE SOCIOS:

REPERCUSION SOCIAL

	S/N
Actividades para todo o público	
Actividades con prazas limitadas	
Actividades só para socios	

_____, ____ de _____ de 20__

Asinado: _____



**SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES REALIZADAS NO
EXERCICIO 2021**

ANEXO IV

ORZAMENTO ESTIMADO DE INGRESOS E GASTOS PARA AS ACTIVIDADES DE 2021

ACTIVIDADE: _____

GASTOS PREVISTOS:

CONCEPTO	EUROS
TOTAL	

INGRESOS PREVISTOS

CONCEPTO	EUROS
Subvención que se solicita do Concello	
Subvencións de outras Administracións (Deputacións, Xunta de Galicia)	
Subvencións ou axudas de entidades privadas	
Outros ingresos (detallados):	
TOTAL	

_____, ____ de _____ de 20__

Asinado: _____



SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES REALIZADAS NO EXERCICIO 2021

ANEXO VI

DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____ con DNI _____, en calidade de representante legal da Entidade _____ declaro que para a realización das actividades no exercicio 2021

() Non se solicitaron nin se obtiveron outras subvencións/axudas de entidades públicas ou privadas.

() Solicitáronse as seguintes subvencións/axudas:

ENTIDADE	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO	OBSERVACIÓNS
TOTAL			

_____, ____ de _____ de 20__

Asinado: _____



**SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES REALIZADAS NO
EXERCICIO 2021**

ANEXO VII

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____, con DNI _____, en calidade de representante legal da Entidade _____, declaro que a mesma non ten débedas fiscais nin sociais pendentes coa Seguridade Social nin coa Facenda Estatal ou Autonómica, nin se atopa en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións por parte das Administracións Públicas recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

_____, ____ de _____ de 20 ____

Asinado: _____



CONCELLO DE
**MONFORTE
DE LEMOS**

**SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS PARA ACTIVIDADES REALIZADAS NO
EXERCICIO 2021**

ANEXO VIII (A presentar coa xustificación)

**MEMORIA DETALLADA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADES REALIZADAS. DENOMINACIÓN, CALENDARIO DE EXECUCIÓN, LUGARES DE
CELEBRACIÓN, OBXECTIVOS, NÚMERO DE SOCIOS, SI SE COBROU POR PARTICIPAR, ...**

_____, ____ de _____ de 20 ____

Asinado: _____



SUBVENCIONS A ASOCIACIONES INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIONES PARA ACTIVIDADES REALIZADAS NO EXERCICIO 2021

ANEXO IX (A presentar coa xustificación)

MODELO DA XUSTIFICACION ECONOMICA

D/D^a. _____
como representante da entidade, certifica a veracidade de todos os datos reflectidos na presente Memoria, e así mesmo declara que se realizou a actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada.

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA: _____

RELACION DE XUSTIFICANTES (facturas):

Provedor	CIF/NIF Provedor	Nº factura	Importe
TOTAL IMPORTE XUSTIFICADO			

Execución do orzamento:

GASTOS REALIZADOS

CONCEPTO	EUROS
TOTAL	

INGRESOS

CONCEPTO	EUROS
TOTAL	

_____, ____ de _____ de 20____

Asinado: _____